

UNIDADE 5. A sexualidade: respecto e consentimento

VIDEOFÓRUM: A MALA EDUCACIÓN

O 18 de novembro de 2018 Salvados emitiu [A mala educación](#)¹. O documental aproxímase á cuestión da educación sexual entre adolescentes.

Queremos que vexades dous cortes do programa. Neles interveñen adolescentes a falaren das novas formas de mocear provocadas polas redes sociais.

- Corte número 1: “[Dás gústame nun par de fotos e diso dedúcese que tes interese](#)”
- Corte número 2: “[Instagram non chocha co feminismo](#)”



Jordi Évole conduce Salvados. Foto: Dovidena del Campo, [CC NC-BY-SA 2.0](#)

1. No primeiro dos cortes fálase de como as redes sociais condicionan a nosa maneira de mocear. Coinciden coas que vós empregades? As actitudes
2. Como se moceaba antes de que existisen as redes sociais? Que diferenza hai entre unhas e outras maneiras de mocear?
3. Segundo se di no vídeo, as redes sociais facilitan o cortexo, porque non te arrisca a recibir un non da persoa coa que moceas. Pode isto afectar a como toleramos o rexeitamento no amor?
4. No segundo dos cortes fálase de “cousificación”. Que significa este termo?
5. As rapazas e rapaces do corte manteñen ao longo do documental unha actitude en favor da igualdade entre homes e mulleres. Pensas que mostrar unha imaxe sexualizada do corpo en redes sociais é compatíbel cun discurso feminista?
6. As redes sociais promoven uns ideais físicos, mais tamén emocionais. En concreto no vídeo fálase de “seguridade nun mesmo” e de “ser imparábel”. Cres que estas expectativas irreais poden ter consecuencias a nivel emocional?

1 O contido é de acceso libre e gratuito, se ben é necesario rexistrarse na web de Atresmedia.